



**Anuncio:**

Elevar a definitiva a relación de aspirantes que formarán parte da bolsa de emprego do posto de arquitecto/a técnico/a, escala administración especial, subescala técnica, clase técnico medio, grupo A, subgrupo A2, para posibles nomeamentos interinos.

Por resolución núm. 2476 da concelleira delegada de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior de data 10 de decembro de 2025 resolveuse o seguinte que en extracto di:

**"Primeiro.-** Elevar a definitiva a relación de aspirantes aprobados, de maior a menor puntuación, que formarán parte da bolsa de emprego do posto de arquitecto/a técnico/a, subgrupo A2, para posibles nomeamentos interinos, de acordo co seguinte detalle:

| Nº<br>orde | Apelidos e nome                 | DNI       | Puntuación<br>total |
|------------|---------------------------------|-----------|---------------------|
| 1          | Fernández López, Carlos         | ***8793** | 14,35               |
| 2          | Muñíz Fernández, Rubén<br>José  | ***0615** | 13,55               |
| 3          | Rabuñal García, María<br>Josefa | ***1150** | 13,45               |
| 4          | Díaz Anoeta, Alejandro          | ***7246** | 12,40               |
| 5          | Bangueses Fernández,<br>Gabriel | ***7994** | 10,80               |

**Segundo.-** Publicar no taboleiro electrónico da sede electrónica municipal a listaxe da bolsa de emprego de arquitecto/a técnico/a, subgrupo A2 para posibles nomeamentos interinos, conforme á base 8.1 da convocatoria.

Contra a presente resolución, que é definitiva en vía administrativa, poderá interpoñer, con carácter potestativo, e sen prexuízo de calquera outros que estime oportunos, recurso de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da presente notificación, ante este órgano, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, ante o correspondente Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da recepción da presente notificación -artigos 52 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, 209 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa."

*Culleredo, na data da sinatura dixital*

